

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA, CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA 20 DE DECEMBRO DE 2007.

ASISTENTES:

ALCALDE-PRESIDENTE:

D. José Demetrio Salgueiro Rapa

CONCELLEIROS:

D. José M. Balseiro Canoura

D^a. Ana Maria Abad López

D. José Manuel González Álvarez

D^a. M^a Dolores Meitín Guerreiro

D. Modesto Ben Fernández

D. Xesús Xosé Fernández Bouza

D. Jaime Pernas Rodríguez

D. Secundino Vázquez Fra

D. Javier Fernández Basanta

D. Jesús Casabella Lage

INTERVENTORA:

D^a Elena Santos Rey

Na Casa Consistorial do Concello de Xove, sendo as dezanove horas do día 20 de decembro de dous mil sete, baixo a presidencia do Sr. Alcalde - Presidente, D. José Demetrio Salgueiro Rapa, e coa asistencia dos señores Concelleiros á marxe relacionados e do Secretario D. Luís María Fernández del Olmo, procedeuse a celebra-la sesión extraordinaria convocada para a hora e día da data.

Sendo a hora sinalada, polo Sr. Alcalde - Presidente, declarouse aberta a sesión, procedéndose ó debate e votación dos asuntos incluídos na orde do día.

1º) APROBACIÓN INICIAL DO ORZAMENTO MUNICIPAL PARA O EXERCICIO DE 2008.ADOPCION DE ACORDO.

Coa autorización da Presidencia, por Secretaría dáse lectura íntegra do ditame emitido pola Comisión Informativa de Contas con data 14 de decembro de 2007, que a seguir se transcribe íntegramente:

“1º.- PROXECTO DE ORZAMENTO XERAL MUNICIPAL PARA O EXERCICIO 2008. APROBACIÓN INICIAL. DICTAME.-

Aberto o debate polo Sr. Alcalde Presidente solicítase a opinión e propostas dos representantes de tódolos grupos municipais respecto do proxecto de Orzamento Municipal para o ano 2008.

Polo Sr. Alcalde aclárase que a razón de que no Plan de Inversións non figure cantidade ningunha para o financiamento da obra do Saneamento Integral do Concello de Xove é que primeiro é necesario coñece-los termos e condicións a reflectir no Convenio de Colaboración a formalizar con Augas de Galicia, Deputación e, se o caso, Alcoa. Convenio que é fundamental, mais que desde o punto de vista económico, desde o punto de vista administrativo xa que a tramitación dun proxecto desta envergadura e sumamente complexo (autorizacións de verquidos, protección de leitós, autorizacións medioambientais, etc....). Unha vez formalizado o Convenio efectuarase a tramitación da correspondente modificación de créditos para a cal, según os cálculos efectuados pola Interventora Municipal, o Concello de Xove poderá dispoñer dunha cantidade aproximada ós 2.500.000'00 con cargo ó remanente e sen ter necesidade, en principio, de ter que acudir á vía do endebedamento.

Polo Sr. Fernández Bouza de acordo coas conversas mantidas co Sr. Alcalde propónse a consignación presupostaria necesaria para executar no ano 2008 as obras de instalación dun aparato elevador que permita a utilización da piscina municipal a persoas con minusvalías.

Igualmente o Sr. Fernández Bouza propón que no ano 2008 se inicien os traballos necesarios para dotar ó edificio da Casa Consistorial dunhas condicións mínimas de seguridade.

Polo Sr. Alcalde respóndese que o grupo de goberno está de acordo coas propostas do Sr. Fernández Bouza e en consecuencia no documento orzamentario modificarase do seguinte xeito:

- a) .- A cantidade consignada anteriormente para a execución da obra de reposición das farolas do alumeadado público da Avda. da Deputación reduceuse en 41.500'00 € quedando en 175.500'00 € sen que dita redución sexa impedimento ningún para a execución da obra xa que é necesario contar coa previsible subvención da Consellería de Industria.
- b) .- Xa que logo consignase a cantidade de 41.500'00 € para executar no ano 2008 as obras de instalación dun aparato elevador que permita a utilización da piscina municipal a persoas con minusvalías.
- c) .- Con cargo a partida destinada a financia-la redacción de proxectos se imputará o gasto de redacción dun proxecto para a instalación dunha escaleira exterior de seguridade na Casa Consistorial e unha vez coñecido o importe executarase a obra previa tramitación da correspondente modificación de créditos.

Rematado o debate a Comisión cos votos favorables dos Sres. Salgueiro Rapa, González Alvarez e Meitin Guerreiroa, acorda informar favorablemente o Proxecto de Orzamento Municipal para o exercicio de 2008 e propoñer ó Concello Pleno a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO: Aprobar inicialmente o Orzamento Municipal para o exercicio de 2008, que presenta o resumo seguinte:

I.- PRESUPUESTO ECONOMICO DE INGRESOS

A).- OPERACIÓNS CORRENTES.

Cap.1.	Impostos Directos	3.524.000,00 €
Cap.2.	Impostos Indirectos	100.000,00€
Cap.3.	Tasas e outros ingresos	1.322.583,00€
Cap.4.	Transferencias Correntes	1.063.720,00€
Cap.5.	Ingresos Patrimoniais	149.265,00€

B).- OPERACIÓNS DE CAPITAL.

Cap.6	Enaxenación de inversións reais	0,00€
Cap.7	Transferencias de capital	0,00€
Cap.8	Activos financeiros	3.000,00€
Cap.9	Pasivos financeiros	0,00€
	TOTAL INGRESOS	6.159.568,00€

II.- PRESUPUESTO ECONÓMICO DE GASTOS

A).- OPERACIÓNS CORRENTES.

Cap.1	Gastos de Persoal	2.499.198,00€
-------	-------------------	---------------

Cap.2	Gastos en bens correntes e servicios	2.404.157,00€
Cap.3	Gastos financeiros	23.000,00€
Cap.4	Transferencias correntes	414.565,00€

B).- OPERACIÓN DE CAPITAL.

Cap.6	Inversións Reais	652.000,00€
Cap.7	Transferencias de capital	0,00€
Cap.8	Activos financeiros	3.000,00€
Cap.9	Pasivos financeiros	166.648,00€
	TOTAL GASTOS	6.162.568,00€

SEGUNDO: Aproba-lo Cadro de Personal obrante no expediente.

TERCEIRO: Aproba-la Bases de Execución incorporadas ó documento orzamentario.

CUARTO: Que o Orzamento Municipal unha vez aprobado inicialmente, se é o caso, polo Concello Pleno se expoña ó público por prazo de 15 días hábiles mediante anuncio que se insertará no Taboleiro Municipal de Anuncios e se publicará no Boletín Oficial da Provincia a efectos de reclamacións.

Dito acordo de aprobación inicial entenderase definitivo de non presentarse reclamacións contra o mesmo durante o trámite de información pública, entrando en vigor no exercicio a que se refire unha vez cumprimentado o disposto nos artigos 112.3 da Lei 7/1985, do 2 de abril.

Os Srs. Vazquez Fra, Fernández Bouza e Ben Fernández manifiestan a súa abstención anunciando que se pronunciarán no pleno.”

Aberto o debate, polo Sr. Alcalde-Presidente, explícase polo miúdo o anexo de inversións obrante no documento orzamentario.

Polo Sr. Pernas Rodríguez manifestase que tralo exame do proxecto de orzamento, o grupo de AVEXO considera que os presupostos 2008 son similares ós de exercicios anteriores, e reflicten unhas inversións reais para a execución de algunhas obras que AVEXO considera necesarias; engade o Sr. Pernas Rodríguez que sen embargo o seu grupo vaise abster por non estar de acordo con aspectos puntuais do presuposto, poñendo como exemplo a subvención de 60.000 € prevista para a U.D. Xove-Lago, cantidade absolutamente desproporcionada, tendo en conta a categoría na que milita o equipo.

Polo Sr. Alcalde explícase que as previsións obrantes nas bases de execución do presuposto non son vinculantes, son unha previsión de máximos, engadindo que no caso concreto da U.D. Xove Lago consígnouse de xeito extraordinario neste exercicio a mesma cantidade doutros anos, á espera da presentación por parte da directiva do clube, dun plan de viabilidade que garanta o futuro do equipo.

Remata a súa intervención o Sr. Alcalde sinalando que desde o Concello non se abonará un só Euro, en tanto en canto non se xustifique e se acredite debidamente cal é a situación financeira da U.D. Xove-Lago.

Polo Sr. Fernández Bouza, preguntase cal é a razón de non ter recibida a acta da Comisión Informativa de Contas.

Polo Secretario Municipal contestase que os dictames da Comisión Informativa de Contas, por imperativo legal, incorpóranse e obran non respectivos expedientes incluídos na orde do día da sesión do pleno corporativo, estando ditos dictames, en consecuencia, ó dispor de tódolos concelleiros desde o mesmo momento en que se convoca a sesión plenaria.

Polo Sr. Fernández Bouza manifestase que tralo estudo do orzamento, acredítase unha importante suba dos ingresos, fundamentalmente polo concepto dos impostos indirectos e das transferencias correntes e, coma sempre unha suba xeneralizada en gastos de persoal e en gasto ordinario.

Sinala o Sr. Fernández Bouza que se ben e certo que as inversións reais previstas para 2008 duplican as previstas no exercicio anterior; ditas inversións seguen sendo insuficientes, xa que é necesario lembrar que as inversións previstas para o ano 2007 eran absolutamente ridículas, sendo as máis baixas de toda a historia recente do Concello de Xove.

Polo Sr. Fernández Bouza sinalase que o Grupo Municipal do BNG non está de acordo coas subas previstas para os gastos dos órganos de goberno, manifestando a súa convicción de que no caso de que o Grupo de Goberno dispuxera de maioría absoluta, esas subas serían aínda maiores, e tampouco está de acordo coas modificacións introducidas no Regulamento de Axudas o Estudio, xa que se suprimen algunhos conceptos como os premios ós expedientes da ESO que supoñían un aliciente para os nenos do noso Concello.

Sinala o Sr. Fernández Bouza que tampouco está de acordo na supresión sen máis das axudas de termalismo social ou de arranxo do entorno de vivendas, xa que se ben e certo que a regulación existente era un auténtico desastre, o que se debería ter feito é modificálas de xeito que as axudas de termalismo social se outorgaran con rigor e criterio a quen realmente as necesitara, e as axudas de arranxo de vivendas poderíanse articular doutro xeito, intentando mellora-la calidade e estética das vivendas.

Respecto do anexo de inversións, o Sr. Fernández Bouza sinala que a reposición das farolas do alumado público da Avda. Diputación, en tanto en canto non se acredite cun informe pericial riguroso, o deficiente estado de conservación do que fala o Sr. Alcalde, máis parece unha operación de estética que de inversión real.

Respecto da inversión prevista para dispoñer dos terreos necesarios para executa-la obra do paseo marítimo de Portocelo, polo Sr. Fernández Bouza manifestase que se ben o Concello non pode renunciar a inversións procedentes doutras administracións como sucede neste caso coa inversión prevista por Costas, é necesario ter moi claro que antes de facer obras ornamentais, e necesario executa-la obras de infraestrutura básica, como é o caso do Saneamento, non vaia a suceder en Portocelo o que sucedeu no paseo marítimo de Covas, no que se fixo unha inversión multimillonaria que despois houbo que levantar, xa que a rede de saneamento estaba nunhas condicións absolutamente lamentables.

Polo Sr. Ben Fernández manifestase que estes presupostos son practicamente idénticos ós do ano pasado, ata o punto de que o lóxico sería que os concelleiros de AVEXO votaran a favor da súa aprobación.

Engade o Sr. Ben Fernández que todas as promesas electorais do actual Grupo de Goberno incumplense, xa que os gastos de persoal seguen subindo, ata acadar case o 45% dos presupostos, o capítulo II de Bens Correntes, segue a subir sin control ningún e sen embargo as inversións reais previstas, sendo necesarias, non resolven nin moito menos os grandes problemas do Concello de Xove (saneamento, desenvolvemento urbanístico, vivenda, etc.)

Rematado o debate, o Pleno Corporativo, cos votos favorables dos Sres. Salgueiro Rapa, González Álvarez, Balseiro Canoura, Abad López, e Meitín Guerreiro; coa abstención dos Sres. Pernas

Rodríguez, Vázquez Fra, Fernández Basanta, Casabella Lage e Fernández Bouza, e o voto en contra do Sr. Ben Fernández, acorda aproba-lo dictame da Comisión Informativa de Contas de data 14 de decembro de 2007, anteriormente transcrito.

E sen mais asuntos que tratar, sendo as vinte horas, levantase a sesión, estendéndose a acta presente, de todo o que como Secretario, dou fe.

O ALCALDE,

O SECRETARIO,

Asdo: José Demetrio Salgueiro Rapa

Asdo: Luís María Fernández del Olmo